

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE A GUARDA PARA REALIZAR ACTUACIÓNS URXENTES NA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE A GUARDA. A GUARDA (PONTEVEDRA)

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, Roberto José Álvarez Carrero, alcalde do Concello de A Guarda, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de A Guarda ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).



Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

Segundo. Augas de Galicia, creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

Terceiro. A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularase a través de diversos mecanismos como son a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais



galegas (artigo 11.3 d) e a regulación ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 17 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, establece que as administracións públicas titulares de infraestruturas e as administracións públicas responsables dos servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga traballarán para conseguir, entre outros obxectivos xerais, os seguintes: a mellora e innovación na xestión do ciclo integral da auga e nas tecnoloxías aplicables para incrementar a eficiencia no uso e na protección dos recursos hídricos, coa utilización das mellores técnicas dispoñibles; a realización dos labores de mantemento e reparación axeitados para protexer as infraestruturas existentes e conservarlas nas condicións óptimas para a prestación dos servizos; ou a reposición das infraestruturas vinculadas á xestión do ciclo integral da auga cando esgoten a súa vida útil.

Cuarto. O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto. Actualmente a estación depuradora de augas residuais (EDAR) da Guarda conta cunha ponte decantadora que leva en funcionamento máis de 22 anos. Durante este tempo, o estado de conservación deste equipo deteriorouse notablemente debido ao paso dos anos e o uso continuado. A estrutura metálica somerxida, que se encarga de transportar os lodos cara á poceta central, está experimentando fallos recorrentes, como a aparición de pezas rotas e atascos que fan que o funcionamento do sistema sexa cada vez máis deficiente.

Nos últimos meses, a situación empeorou, e o funcionamento do decantador volveuse ineficaz, chegando a pararse en varias ocasións. Actualmente, é posible liberar os atascos, pero a tendencia é que isto se faga de forma ineficaz e que cada vez sexa máis difícil.

Segundo consta en documento de síntese da auditoría realizada sobre o estado e funcionamento da estación depuradora de augas residuais, de xullo do 2025, que foi elaborado



pola adjudicataria do Servizo de apoio técnico para o control de verteduras de usuarios non domésticos e para a supervisión e auditoría de redes de saneamento e estacións depuradoras de augas residuais (AUG-2023-0006), o estado xeral de conservación das instalacións é deficiente, hai elementos que non están instalados e outros que están desgastados ou no fin da vida útil por falta de resolución de numerosas avarías, que se relacionan no devandito documento.

Esta situación de prolongarse no tempo impedirá o correcto funcionamento da estación depuradora de augas residuais e chegar a comprometer o bo estado ecolóxico das augas.

Augas de Galicia prevé dentro do seu Programa de Actuacións, Investimentos e Financiamento para o exercicio 2026, os investimentos a realizar no programa de acción desta entidade en relación coa xestión da auga. Con respecto a mellora das infraestruturas do ciclo da auga e máis concretamente, no relativo á depuración e mellora da calidade dos vertidos as rías e ríos, Augas de Galicia prevé investimentos para desenvolver novas estacións depuradoras e mellorar as depuradoras de augas residuais xa existentes para optimizar a devolución da auga empregada ao medio ambiente.

Polo tanto, a execución das actuacións obxecto deste convenio figura dentro dos fins institucionais e competencias de Augas de Galicia e ten encaixe dentro do seu Programa de Actuacións, Investimentos e Actuacións para o ano 2026.

Sexto. Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación e establecer as condicións dunha subvención directa ao concello.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO



É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de A Guarda, que permitan ao concello acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras para a realización da actuación "Substitución de ponte decantadora na EDAR de A Guarda", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:

- a) Apoiar tecnicamente e a asesorar na execución das actuacións indicadas na cláusula primeira.
- b) Contribuír ao financiamento da actuación especificada na cláusula primeira ate o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

2.- O Concello de A Guarda obrígase a:

- a) Executar, polos seus propios medios ou mediante contratación con terceiros, as obras necesarias para a realización da actuación mencionada na cláusula primeira.
- b) Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio financiando a diferenza entre o importe subvencionado por Augas de Galicia e o importe necesario para a total execución da actuación obxecto do convenio.
- c) Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da subvención, do xeito establecido neste convenio.
- d) Proporcionar a Augas de Galicia todos os datos necesarios para o seguimento dos indicadores de cumprimento do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.
- e) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto da subvención, cando menos mediante cartelería no lugar das actuacións, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nos



medios de difusión utilizados deberá figurar expresamente o importe total das actuacións e a achega financiada por Augas de Galicia, debendo estarse ao establecido no artigo 20.1 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- f) Asumir as obrigas relativa á posta en servizo, explotación, conservación e mantemento das obras executadas de acordo coa finalidade prevista.

TERCEIRA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O orzamento total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a cento dez mil noventa e dous euros con setenta e oito euros (110.092,78 €), incluído o imposto sobre o valor engadido.

Augas de Galicia financiará as actuacións ata un importe máximo de oitenta mil euros (80.000,00€), con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2026, aplicación orzamentaria 2026.06.82.542B.760.00.

A subvención fíxase cun importe certo e máximo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a execución da actividade subvencionada.

CUARTA. LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto ao réxime de xustificación, o concello debe presentar ante Augas de Galicia, antes do 3 de novembro de 2026, a documentación establecida no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Ademais o concello obrígase a:

- a) Achegar un informe de xustificación e execución dos traballos que inclúa fotografías deles, no que se reflecta o estado antes do inicio, durante a execución e unha vez finalizada a obra. Indicarase se foron executados con medios propios do concello ou a través da



contratación a terceiros. Neste último caso xuntaranse as facturas correspondentes e, de existir, documento de recepción da obra por parte do concello.

b) Achegar a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

c) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

d) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención obxecto do presente convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

e) Reintegrar a Augas de Galicia, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da subvención establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

f) Asumir, pola súa consideración de beneficiario, as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia. todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

g) Acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria da entidade beneficiaria do aboamento da subvención concedida, de acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos ao concello ate o límite máximo indicado na cláusula terceira, no prazo dun mes desde a completa presentación pola entidade local da rendición da conta xustificativa antes mencionada, conforme ao estipulado neste convenio e na lexislación aplicable. A anterior transferencia de fondos, será



ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia.

A concesión da subvención deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha como empregador, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- b) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a



Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

En todo caso, as decisións relacionadas coa interpretación do convenio e, en particular, a comprobación material da subvención de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e a determinación da procedencia do seu reintegro, no seu caso, correspóndenlle exclusivamente a Augas de Galicia na súa condición de órgano concedente da subvención que se instrumenta mediante o presente convenio.

SÉTIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. En particular, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2026, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

NOVENA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.



Non obstante non se considerará modificación do convenio a ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que poderá ser acordada por Augas de Galicia nos supostos recollidos no artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- a) o cumprimento do seu obxecto
- b) o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- a) mutuo acordo entre as partes asinantes
- b) a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- c) a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das actuacións.
- d) A necesidade de acadar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

UNDÉCIMA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



DUODÉCIMA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/medio-ambiente/plan-augas-galicia-2024.pdf>

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.



3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

Asinado por: VAZQUEZ MEJUTO, MARIA ANGELES
Cargo: Conselleira
Data e hora: 30/04/2026 15:44:29

Asinado por: ALVAREZ CARRERO, ROBERTO JOSE
Cargo: Alcalde (Concello de Guardia)
Data e hora: 30/04/2026 13:40:47
As copias en papel deste documento, lafirm e codificadas de copia e serán verificables a través deste código:
CVE: F70khtKUpSk1 <https://sede.xunta.gal/cve>

